

Magnífico Sr. reitor, Sra. secretaria xeral, vicerreitoras e vicerreitores, profesores e profesoras, compañeiros e compañeiras da comunidade universitaria, amigas e amigos,

Hai xa corenta e tres anos desde que comezaran os estudos de Ciencias Económicas na nosa Universidade, estudos que foron impartidos de forma itinerante durante case dez anos, pois non foi ata o ano 1976 cando se inaugurou o actual edificio da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, tendo comezado dous anos antes os estudos de Ciencias Empresariais.

É a nosa unha Facultade que serve desde sempre ás necesidades da sociedade e da que saíron moitos dos dirixentes que rexen os destinos da nosa terra, tanto na esfera política coma na empresarial.

Nesta Facultade formouse unha gran parte do persoal docente e investigador das áreas de economía e de empresa do Sistema Universitario de Galicia, así como doutras universidades de España e, mesmo, do estranxeiro.

O noso centro foi crecendo en espazo ao carón da importancia que lle deu a propia sociedade galega, que demandou –e que demanda– profesionais formados nas áreas de economía e de xestión pública e privada, capaces de tomar decisións baseadas en

coñecementos científicos, capaces de dirixir e de aproveitar axeitadamente recursos humanos e materiais, e contando para isto co coñecemento das técnicas adecuadas, pero tendo presente a historia da economía e das relacións empresariais e financeiras.

Pero a sociedade tamén precisa das análises científicas no campo da economía e da empresa, que son fundamentais para o desenvolvemento económico e para o benestar dos seus habitantes, estudos que permitan aos axentes económicos e políticos tomar as decisións máis axeitadas para o ben común. E na nosa Facultade desenvólvense estes estudos, como son:

- As análises dos factores fundamentais para acrecentar o benestar dos cidadáns, como a educación e a innovación.
- As análises dos sectores produtivos da economía galega, do seu emprego, produtividade e competitividade internacional.
- Os estudos no ámbito empresarial de carácter financeiro, de mellora dos sistemas organizativos ou de marketing, que son fundamentais para a mellora do tecido empresarial.

Contamos con importantes grupos e equipos de investigación, que co seu labor contribúen grandemente á mellora da sociedade e que, á vez, gozan dun alto recoñecemento na comunidade científica. Sirva

como exemplo que de entre as 13 revistas españolas en investigación económica de España e de América Latina recoñecidas na base internacional Redalyc, 3 teñen á súa base editorial no noso centro: a *Revista Galega de Economía*, os *Estudios Económicos de Desarrollo Internacional* e a *Urban Public Economic Review*.

A isto podemos engadir que, grazas á presenza de varios dos nosos grupos de investigación, estamos incluídos no Top do 5% da base internacional Ideas, tanto no número de traballos de investigación como nas miles de consultas *on line* recibidas. Cómpre destacar que o éxito internacional foi alcanzado malia as limitacións de financiamento da investigación que soporta este centro en comparación cos centros internacionais incluídos nese Top do 5%.

Non podemos esquecer que o conxunto dos estudos de Economía e Ciencias Sociais, tanto na nosa Universidade como no conxunto das universidades españolas, achegan aproximadamente o 50% dos alumnos, pero que xeralmente só reciben un 25% da dotación de persoal docente e menos do 10% dos orzamentos de investigación. Este é un problema importante que consideramos que non debería perpetuarse, e que podería solucionarse a través de varios organismos do Estado, da Comunidade Autónoma, da propia Universidade ou doutras institucións. Cremos que é posible atopar solucións razoables que proporcionen estabilidade e coñecemento previo do financiamento

da investigación e da docencia, e que permitan o necesario apoio ás actividades deste centro que, na nosa opinión, son moi positivas para impulsar o desenvolvemento económico e social e para favorecer a creación de postos de traballo. Pensamos que os grupos de investigación da nosa Facultade teñen moito que dicir a este respecto, e que deben ser escoitados e atendidos polos órganos de goberno da Universidade.

Non pretendemos outra cousa que satisfacer as necesidades e os requirimentos da sociedade neses ámbitos de docencia e investigación, tendo sempre presentes os intereses da nosa Facultade e, por extensión, os de todas as persoas que formamos parte dela.

Coa finalidade de impulsar o cumprimento destes obxectivos tomo o relevo dos anteriores decanos, que cun grande esforzo e acertadamente lograron que o noso centro fose recoñecido dentro e fóra da nosa Universidade.

Asumo esta responsabilidade coa sorte de poder contar cun equipo de persoas de gran valía tanto pola súa capacidade de traballo como pola súa experiencia, carácter conciliador e entusiasmo, e que son a profesora Mercedes Tato Rodríguez como secretaria, e os profesores Alejandro Ballesteros Ron, Fidel Martínez Roget, Leandro Benito Torres e Loreto Fernández Fernández como vicedecanos. Pero, ademais, estou

segura de que contaremos coa participación activa de todos os colectivos: profesorado, PAS e estudiantado.

Nestes tempos de escaseza económica, a tarefa de levar o goberno da Facultade non vai ser fácil, xa que temos por diante retos importantes. Aínda que non todos os nosos obxectivos poidan ser acadados, sabemos que seremos escoitados polo equipo reitoral nos temas máis urxentes que afectan á docencia e aos nosos grupos de investigación, e que entre todos lograremos resolver os problemas máis importantes.

A crise económica actual na que se ve inmersa a Universidade non pode facer que se esquezan os obxectivos de calidade na docencia e investigación, para os que é fundamental ter presentes as necesidades de docentes, de infraestruturas e de PAS que ten o noso centro, e que reiteradamente se veñen reclamando desde a dirección da nosa Facultade. Estes requirimentos, aínda non atendidos, vense acentuados coa implantación do Espazo Europeo de Educación Superior.

Estas necesidades de carácter estrutural están intimamente relacionadas coa masificación nas aulas, problema que afecta a todos os colectivos: ao alumnado que non pode recibir unha atención individualizada; ao profesorado que fai un labor docente extraordinario, en detrimento do seu labor investigador, e que non se ve

recompensado; e ao PAS, que ten unha carga administrativa moi elevada.

No ámbito da docencia, impartimos as Licenciaturas de Economía e de Administración e Dirección de Empresas dos plans de estudo a extinguir, e desde o curso 2008-09 tamén o Grao de Economía en todos os cursos, e o Grao de ADE en coordinación co campus de Lugo. As titulacións de licenciatura e de grao, ademais dos sete masters oficiais e dos dous propios que se imparten no noso centro, teñen unha gran demanda, o que convirte a esta Facultade a ser a máis numerosa en estudantes, aínda que non en docentes. A situación de déficit de profesorado que tiñamos historicamente vese agravada polas necesidades de dedicación propias dos novos plans de estudo, pois a avaliación continua, a titorización dos traballos de fin de grao e de fin de master e das prácticas en empresas e institucións, así como as tarefas de coordinación docente e de titoría personalizada, demandan numerosas horas de traballo que superan a capacidade dos docentes.

Véxome na obriga de solicitar do equipo reitoral desta Universidade os medios humanos precisos para axustar capacidade docente e carga docente, programada acorde cos plans de estudo vixentes, sen detrimento de que sexan recoñecidas de forma axeitada as obrigas docentes, as de investigación e as de xestión. Un dos problemas ao que nos enfrentamos é, precisamente, a falta de relevo

xeracional derivada da que considero unha débeda histórica coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Todo o que solicitamos é coa finalidade de que os nosos estudantes teñan a posibilidade de alcanzar unha formación completa e de calidade, tanto en coñecementos como en competencias, que os prepare para o futuro profesional. Por iso tamén apostamos polo fomento das actividades complementarias á docencia, algunha das cales están relacionadas coa mellora das competencias profesionais, e que poderían considerarse para a súa valoración como créditos de competencias transversais a todo o alumnado da Universidade. Por outra parte, consideramos imprescindible que o alumnado que así o desexe poida realizar prácticas en empresas e institucións, tamén no ámbito dos estudos de grao. Pero o alto número de estudantes do noso centro fai practicamente inviable poder enfrontar a súa xestión pola extraordinaria carga de traballo que suporía para o PAS. Por isto solicito aquí que sexa reformulada a normativa de prácticas para os graos, de forma que poida ser xestionada dun modo similar á aínda vixente para as licenciaturas.

Os orzamentos actuais déixannos no descoñecemento da dispoñibilidade dos remanentes, que consideramos os nosos aforros, e sen os que dificilmente poderemos facer unha planificación axeitada da cobertura das principais actuacións que temos por diante; os novos

plans de estudo requiren de máis espazos en común para o alumnado; os investigadores e os profesores visitantes necesitan espazos para o seu traballo; as aulas precisan ser adaptadas ás novas formas de ensino-aprendizaxe, etc.

Non podo deixar de mencionar as necesidades perentorias nas infraestruturas do noso centro. Aquí cómpre sinalar que o remate da parte oeste da contorna da Facultade está pendente desde hai moitos anos e, malia ser reclamada en reiteradas ocasións, aínda estamos á espera desa actuación, que consideramos fundamental se queremos evitar riscos persoais e materiais. Aproveito tamén este acto para lembrar que estamos pendentes de outras obras que xa solicitamos no seu momento, como o illamento da nosa biblioteca, a automatización das numerosas saídas de emerxencia da Facultade ou o arranxo dos problemas de olores procedentes da cafetería que sofre o noso centro.

Quero sinalar que, malia as escasezas, os nosos titulados son, xunto cos enxeñeiros, os de maior empregabilidade. Certamente, os empresarios buscan titulados que aproveitaran os seus anos de estudo para adquirir as súas primeiras experiencias laborais, hábiles para traballar en equipo, flexibles e con capacidade de adaptación e aprendizaxe. Para axudar neste proceso, os estudantes da nosa Facultade veñen participando nos programas de prácticas que desde hai 15 anos xestiona o Consello Social, moito antes da entrada no proceso

de Bolonia. Con ese fin tamén se organizan foros de debate, charlas e sesións de traballo e discusión, como o Club de Emprendedores ou o Foro de Emprego, que contribúen en gran medida a situarnos na vangarda das demandas do mercado laboral.

Ben é certo que pasamos dunha etapa de case pleno emprego a una etapa de crise, que tamén afecta, aínda que en menor medida, aos nosos titulados. Os licenciados en ADE acaparan a maior porcentaxe de todas as novas ofertas de emprego, aumentando a súa presenza no mercado de traballo un 8% no ano 2009.

Por outra parte, a nosa Facultade é, logo da de Filoloxía, a principal receptora e emisora de alumnos de intercambio da USC, con case douscentos alumnos en programas de mobilidade. A importancia da internacionalización queda sinalada coas palabras do ministro de Educación: *"...sair do barrio, internacionalizarse, moverse, sair, ir ao encontro doutras culturas e doutras formas de ver a vida. Os Erasmus fixeron máis pola educación que moitos discursos e moitos políticos"*.

De entre os proxectos que temos xa en marcha destaca a implementación das novas tecnoloxías nas aulas co uso do software libre, e a nosa preocupación polo medio ambiente lévanos tamén a ser pioneiros na instalación das denominadas Aulas Verdes, como un paso máis no proceso de adaptación a Bolonia.

Tamén cómpre destacar que, na liña do bo traballo dos equipos anteriores, continuaremos fomentando a internacionalización dos alumnos e a súa inserción laboral. Ademais, este equipo pretende dar difusión á excelente labor investigadora realizada no centro, ás actividades que desinteresadamente e co seu esforzo persoal os nosos profesores levan a cabo día a día. Para isto, cremos que as redes sociais son un elemento de comunicación e de participación fundamental para a interacción cos noso alumnado e coa sociedade en xeral. Tamén estamos traballando na formación ao longo da vida a través da docencia *on line*, un avance a partir da situación actual, na que a práctica totalidade das nosas materias están xa no campus virtual.

Por último, non quero rematar sen presumir do patrimonio artístico da Facultade do que nos sentimos especialmente orgullosos: as esculturas, pinturas, gravados e murais de importantes artistas galegos, que ano tras ano pasaron a formar parte do noso centro e da alma de todos nós. Esperamos seguir mantendo ese espírito e poder transmitirlo a todos os que nos visiten.

Moitas grazas.